

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

*DECRETO DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA CONVOCATORIA DE DÚAS (2) PRAZAS ESTRUTURAIS DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, CATEGORÍA B-21, NO SEO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN AO AMPARO DA D.A. 6ª DA LEI 20/2021*

Anuncio

Con data 21/11/2024 ditouse Decreto da Alcaldía do seguinte teor literal:

“(…) Decreto de nomeamento como persoal laboral fixo na convocatoria de dúas (2) prazas estruturais de arquitecto/a técnico/a, categoría B-21, no seo do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración ao amparo da D.A. 6ª da Lei 20/2021

Visto o Decreto de selección de aspirantes e requirimento de documentación ditado na convocatoria de dúas (2) prazas estruturais de arquitecto/a técnico/a, categoría B-21, no seo do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración ao amparo da D.A. 6º da Lei 20/2021, do seguinte teor literal:

“Vista a convocatoria do proceso de selección mediante o sistema de concurso de méritos de dúas prazas estruturais de arquitecto/a técnico/a, categoría B-21, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración ao amparo da D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense nº 287, de data 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE nº 2 de data 03/01/2023, e cuxa oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto da Alcaldía de data 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense nº 115, de data 21/05/2022.

Vista a acta do tribunal de selección de data 14 de novembro 2024, do seguinte teor literal:

“Acta do Tribunal de selección de elevación a definitivo dos resultados do exame de galego e proposta de nomeamento na convocatoria de dúas (2) prazas estruturais de arquitecto/a técnico/a, categoría B-21, no seo do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración ao amparo da D.A. 6ª da Lei 20/2021

Reunida a Comisión Avaliadora designada por Decreto da Alcaldía do 22/10/2024, escusa a súa asistencia a primeira vogal, dona Mónica Legaspi Díaz, e a terceira vogal, dona Eva María Reza Paz, entendéndose o Tribunal validamente constituído en virtude do artigo 17.2 da Lei 40/2015, sendo as 09:06 horas do día 20 de novembro do 2024.

Vista a convocatoria do proceso de selección mediante o sistema de concurso de méritos de dúas prazas estruturais de arquitecto/a técnico/a, categoría B-21, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración ao amparo da D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense nº 287, de data 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE nº 2, de data 3/01/2023, e cuxa oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto da Alcaldía de data 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense nº 115, de data 21/05/2022.



Visto o Decreto de aprobación provisional da listaxe de admitidos e excluídos publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia o 09/07/2024, e visto que expirado o prazo de presentación de reclamacións ou emendas publicouse no taboleiro de anuncios o Decreto de aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos e nomeamento do tribunal en data 22/10/2024.

Vista acta do Tribunal de baremación definitiva da reunión que tivo lugar o 12/11/2024.

Vistos os resultados provisionais das probas de galego realizadas en data 14/11/2024.

Procédese o desenvolvemento da sesión coa seguinte orde do día.

- 1) Elevación a definitivo do resultado da proba de galego.
  - 2) Proposta de nomeamento das aspirantes con maior puntuación.
- 1) Elevación a definitivo do resultado da proba de galego

Vistos os resultados provisionais da proba de galego realizada en data 14/11/2024, e visto que non se presentaron alegacións, queda elevado a definitivo o resultado da proba de galego seguinte:

Aspirantes	DNI	Resultado da proba de galego
Covadonga Fernández Moro	***7572**	Apto

- 2) Proposta de nomeamento das aspirantes con maior puntuación.

Segundo a base novena das que rexen a convocatoria na que se refire literalmente “Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no taboleiro electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras a realización da correspondente proba de galego, de ser preciso, elevará ao órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior ao de prazas convocadas”, mediante a presente, o Tribunal de baremación, por unanimidade dos seus membros, propón ao órgano competente o nomeamento das dúas aspirantes seleccionadas con maior puntuación, tras a aplicación do desempate, sendo estas as seguintes:

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servizos	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
***1867**	Laura González Dafonte	90	10	100
***7572**	Covadonga Fernández Moro	90	10	100

(...)”



## Resolvo:

1) Sinalar que as aspirantes seleccionadas no proceso de estabilización de emprego para dúas prazas estruturais de arquitecto/a técnico/a, categoría B-21, serán, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección na acta de data 20 de novembro do 2024, as seguintes:

***1867**	Laura González Dafonte
***7572**	Covadonga Fernández Moro

2) Advertir ás aspirantes seleccionadas que para efectuar o seu nomeamento como arquitectas técnicas (persoal laboral fixo) será precisa a aportación, no prazo de vinte días naturais, da documentación recollida na cláusula undécima das bases xerais reguladoras do proceso de estabilización, sendo esta a seguinte:

.- Declaración xurada ou promesa de non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

.- Certificado médico que acredite a capacidade funcional da aspirante para o desemprego das tarefas habituais da praza.

Así mesmo, deberán achegar, no mesmo prazo outorgado, a tarxeta da Seguridade Social e nº de conta bancaria.

3) Advertir que non poderá ser nomeada persoal laboral fixo a aspirante que dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non presente a documentación anteriormente referida ou cando do exame dela se deduza que carece dalgún dos requisitos esixidos.

4) Dar conta da presente resolución ao Plenario municipal..(...) ”

Visto que as aspirantes seleccionadas presentaron a documentación requirida en prazo, resolvo:

1. Contratar como persoal laboral fixo para a cobertura de dúas (2) prazas de arquitecto/a técnico/a, categoría B-21, convocadas no seo do proceso de estabilización do Concello de Xinzo de Limia, ás aspirantes que seguidamente se relacionan:

***1867**	Laura González Dafonte
***7572**	Covadonga Fernández Moro

2. Comunicar ás aspirantes seleccionadas que deben acudir a formalizar as correspondentes contratacións como persoal laboral fixo no Departamento de Persoal do Concello no prazo de dez días naturais a contar dende a publicación deste decreto na sede electrónica, sen prexuízo da publicación no BOP.



3. Notificar o presente decreto ao Departamento de Persoal e á Asesoría Laboral do Concello de Xinzo de Limia.

4. Publicar a presente resolución no BOP para xeral coñecemento.

5. Indicar que o réxime de recursos é o seguinte:

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Igualmente poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente e sexa conforme a dereito (...)."

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

**R. 3.394**

